

ASUNTO: ANUNCIO DA RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN PARCIAL DA URBANIZACIÓN DAS RÚAS BASANTA E ESPIÑO COA VALORACIÓN DE SOLO ACTUALIZADA A DECEMBRO 2016.

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“UNICO.- En relación ao proxecto de expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos necesarios para a execución parcial da urbanización das rúas Basanta e Espiño coa valoración de solo actualizada a decembro 2016, aprobada inicialmente pola Xunta de Goberno Local de data de 26-12-2016:

a) Aprobar o informe-proposta de resolución de alegacións achegado o 13-06-2017 pola entidade “Entyl Ingenieros, S.L” de xuño de 2017, ratificado polo arquitecto municipal no seu informe de 07-08-2017 e, na súa consecuencia, rexeitar as alegacións achegadas polos interesados salvo as seguintes: respecto á alegación da finca nº5 do expediente achegada o 24-02-2017 por D. Eladio Rivera Blanco, en base á documentación achegada, estímase a alegación no senso de incorporar á Dona Mercedes Pena García como cotitular de carácter ganancial do dereito de servidume sobre finca afectada no expediente e rexeitar as restantes alegacións do expediente; respecto á finca nº7 do expediente achegada o 23-01-2017 por Dona Pilar Gómez Arto, estimar a alegación no senso de considerar falecido ao un dos titulares do expediente (D. Ramón Gómez Iñiguez), pai da alegante, e considerar titulares da finca aos seus herdeiros Dona Celestina Arto Díaz (que xa figuraba no expediente) e os fillos Ana María, Juan Ramón e Pilar Gómez Arto; respecto á alegación da finca 10 do expediente achegada o 20-03-2017 por Dona María José Porta Bacelo, en base á documentación achegada, estimar a alegación no senso de que, en base ao falecemento de D. Mamerto Porta Díaz, os titulares da parcela son Dona María del Carmen Bacelo Saavedra, Dona María José Porta Bacelo e Dona María Isabel Porta Bacelo; respecto á alegación da parcela nº12 do expediente achegada o 15-02-2017 por Dona María del Carmen Teijeiro Rodríguez, en base a documentación achegada, estímase a alegación no senso de ter por falecido a D. José Luis Galdo García quedando como titular da parcela a súa viúva Dona María del Carmen Teijeiro Rodríguez; respecto á alegacións da finca nº 17 do expediente, achegada o 15-02-2017 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e o 20-02-2017 no Rexistro auxiliar de urbanismo, por Dona Dolores Riobó Malde, D. Juan Alberto e Don Enrique Luis González Riobó, rexeitar o contido da alegación achegada a excepción de reflectir na folla de aprecio o domicilio a efectos de notificacións de Dona Dolores Riobó Malde na rúa Otero Besteiro nº3, 11º E, 27003, Lugo.

b) Notificar a todos os interesados que presentaron alegacións o contido do informe proposta referido a súa finca así como o presente acordo que resolve as súas alegacións.

c) Aprobar definitivamente o documento de expropiación por taxación conxunta aprobado inicialmente con data de 26-12-2016 coa incorporación a dito documento do informe proposta de resolución de alegacións que implica a substitución das follas de aprecio das fincas 5,7,10,12 e 17 polas novas follas de aprecio contidas no informe proposta de resolución de alegacións do apartado a) anterior, cun importe total de prezos xustos de 54.053,37 euros.

d) Conforme aos artigos 118.10 da LSG e 293.10 do Regulamento da LSG terse declarada a urxencia de ocupación dos bens e dereitos afectados coa aprobación definitiva do expediente expropiatorio.

e) Facultar á Concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade para fixar as datas de pago/consignación e ocupación dos bens e dereitos afectados así como os demais actos de execución que desenvolvan os acordos adoptados en relación ao presente expediente expropiatorio, sen prexuízo de que, no seu caso, continúe o procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto perante o Xurado de Expropiación de Galicia.

f) Facer as notificacións e publicacións regulamentarias, outorgando aos interesados que figuren no expediente o prazo de vinte días durante o que poderán manifestar por escrito a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, en cuxo caso darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para os efectos de fixar definitivamente o prezo xusto.

CONSECUENCIAS DO ACORDO:

- Dilixenciar o documento de aprobación definitiva
- Publicar o presente acordo no BOE, no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, con edicto de descoñecidos.
- Notificar o presente acordo xunto co informe proposta de resolución de alegacións (este último aos que achegaron alegacións) aos titulares de bens e dereitos do expediente outorgándolles o prazo de 20 días durante os que poderán manifestar por escrito a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, en cuxo caso darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia.

- Notificar o presente acordo ao Ministerio Fiscal.”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se opta por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

A presente notificación, mediante a súa publicación no BOE, surtirá os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para todos aqueles interesados aos que non se lle puidese practicar a notificación, se ignore o lugar da notificación ou resulten descoñecidos no expediente.

Ferrol,

A concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade,
por delegación da alcaldía de 16/06/2016 (BOP 28/06/2016)

María Fernández Lemos